



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Iniciación en xestión e control de flora exótica invasora

CONVOCATORIA: Convenio de colaboración EGAP-COLEXIO DE BIÓLOGOS DE GALICIA

GRUPO: Cursos Convenios

ÁREA: Coñecementos transversais

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	CONVENIO	HORAS:	24
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2017
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 07/10/2017 - 08:00h ao 16/10/2017 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Formar persoal técnico relacionado coa xestión de montes, do medio rural, de parques e xardíns, de obras públicas e de conservación da natureza, no referido ao coñecemento dos procesos de invasión de flora exótica e a súa problemática ambiental e económica.

Sensibilizar acerca da existencia e das características das invasións biolóxicas no seu papel como factor de degradación ambiental de primeira orde contribuír a frear a perda de biodiversidade local e global (obxectivo da Unión Europea para 2020) a través do coñecemento e da correcta xestión desta problemática ambiental.

DESTINATARIOS

- 1º. Persoal técnico das administracións local, autonómica e estatal con competencias na xestión de montes, do medio rural de parques e xardíns, de obras públicas e de conservación da natureza.
- 2º. Profesionais que realicen os seus traballos nos ámbitos forestal, do medio rural, da xardinaría, das obras públicas e da conservación na natureza.
- 3º. Estudantes de universidade en titulacións relacionadas con aspectos citados.
- 4º. Persoas interesadas na conservación da natureza e as plantas exóticas.

PROGRAMA

- 1º. Introducción á problemática global das invasións biolóxicas:
Definición e características.
Impactos ecolóxicos, económicos e na saúde humana.
Recoñecemento internacional.
Estado da cuestión en España.
- 2º. Situación actual en Galicia:
Diagnóstico e plan estratéxico elaborados pola Xunta de Galicia.
Principais actuacións executadas ata a data.
Lexislación de aplicación (catálogo español de especies exóticas, invasoras; Regulamento da Unión Europea).
Marco Institucional.
- 3º. Identificación e características das principais especies de flora invasora en Galicia:
Especies preocupantes para a Unión Europea.
Especies oficialmente catalogadas (Catálogo español).
Outras plantas con comportamento invasor en Galicia.
Plantas con invasión incipiente ou con risco de invasión futura.
- 4º. Estratexias de xestión:
Directrices internacionais e principios reitores de xestión.
Importancia das accións preventivas.
Sistemas de vixilancia, de alerta temperá e de resposta rápida.

Planificación de accións de control e erradicación.
5º. Implicacións na xestión cotián e de proxectos:
Xestión de montes (forestal).
Xestión do medio rural.
Xestión de parques e xardíns.
Xestión de obras públicas.
Xestión de conservación da natureza.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

1. Persoal técnico das administracións públicas con competencias na xestión de montes, do medio rural de parques e xardíns, de obras públicas e de conservación da natureza.
 2. Profesionais que realicen os seus traballos nos ambitos forestal, do medio rural, da xardinería, das obras públicas e da conservación na natureza.
 3. Estudantes de Universidade en titulacións relacionadas con aspectos citados.
 4. Pesoas interesadas na conservación da natureza e as plantas exóticas.
- Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10 de xaneiro de 2008).

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 25/10/2017 a 31/10/2017

NUM. PRAZAS: 25

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 31/10/2017 ás 13:00h

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

Local CERSIA Empresa. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, 15707 Santiago de Compostela.

25/10/17 de 10:00 a 14:00

26/10 e 30/10 de 09:00 a 13:00.

e 31/10 de 10:00 a 14:00

Os días 26 e 30/10 de 15:00 a 19:00 sesión prácticas de campo